



Familia Amoris Laetitia
Año 2021 - 2022

click aquí!

Año da Familia



CONFERENCIA
EPISCOPAL
ESPAÑOLA

O Amor dálle cor
ao gris do mundo

A familia, á luz da Palabra de Deus

«Prometer un amor para sempre é posible cando se descobre un plan que sobrepasa os propios proxectos, que nos sostén e nos permite entregar totalmente o noso futuro á persoa amada». AL 124



Motivación co Papa Francisco

"O amor sempre dá vida. O amor non se esgota no interior da parella, se non que xera unha familia. Deste xeito os matrimonios cristiáns pintan o gris do espazo público enchéndoo da cor da fraternidade, da sensibilidade social, da defensa dos fráxiles, da fe luminosa, da esperanza activa".

"O matrimonio é un signo precioso, unha icona do amor de Deus por nós. Isto non significa que o amor entre os cónxuxes teña que ser perfecto... Ninguén o é, pero o amor entre os cónxuxes é un proceso dinámico, que continúa e mellora ao longo da vida. Por iso o matrimonio precisa fidelidade, o matrimonio é para sempre".

"Non teñas medo de fracasar: O medo é o maior obstáculo para aceptar a Cristo e o seu plan de vida para nós! Fronte ao medo, estade atentos!".



Oración

Grazas Señor, polo don da familia,
grazas incluso cando se converte nun reto,
cando nos pides que loitemos
e empecemos unha e outra vez,
porque Ti estás ao noso lado.
Grazas por amarnos tal como somos,
con todas as nosas imperfeccións.
Grazas porque a túa mirada misericordiosa
nos estimula a mellorar, día tras día.
Pedimosche,
guía os nosos pasos para que te sigamos sempre
a onde queiras levarnos,
para acadar as alturas do amor,
fainos fortes
para non ceder á idea de non conseguilo, e fai que
saibamos alegrarnos
por cada pequena conquista no camiño do amor.
Amén





Para reflexionar

Presentámosvos a D. Ángel Pérez Pueyo obispo de Barbastro Monzón. Neste video, fálanos de como ve o tema de "A Beleza do Amor".



Dinámica en familia

Pensem os en sinxelos e posibles xestos de fraternidade, e escribamos cada un deles nunha tarxeta dunha cor diferente. Pola mañá, cada membro da familia elixirá unha ao azar: será o xesto que faga ese día e levará un anaco do papel coloreado para recordalo.



Para afondar

■ Invitación á lectura de Amoris Laetitia
"O "para sempre" e a beleza do amor"
Amoris laetitia, 120-164

"O amor que se volve fecundo"
Amoris laetitia, 165-198

■ Se queres mais, [click aquí!](#)

